

## SINTAXE ORACIONAL DA LÍRICA PROFANA MEDIEVAL Á LUZ DA DIATOPIA GALEGA OU PORTUGUESA

Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo<sup>18</sup>)  
[xandre@uvigo.gal](mailto:xandre@uvigo.gal)

### RESUMO

Nesta contribución centramonos na análise sintáctica no nivel oracional (cunha metodoloxía de base funcionalista) de textos medievais da lírica profana galego-portuguesa, a través da selección dunha serie de temas concretos (valencia –esquemas sintácticos–, marcación do CD, tipoloxías verbais, redobro clítico do CD/CI e posición do verbo finito). Dende unha vertente contrastiva investigamos ata que punto a sintaxe oracional dos autores que a literatura identifica inequivocamente como galegos coincide ou discorda coa dos autores adscritos a unha orixe portuguesa. Empregamos un corpus principal propio constituído pola análise de 1562 oracións (863 de trovadores galegos e 699 de portugueses) e, ademais, estudamos contrastivamente as configuracións sintácticas empregadas para a función semántica Estímulo co verbo *prazer*, grazas a ferramentas en liña como *UC*.

### Keywords:

Lírica profana. Sintaxe medieval. Galego & portugués.

### ABSTRACT

In this paper we focus on the syntactic analysis (with a functionalist methodology) at the sentence level of medieval texts of secular troubadour poetry in Galician-Portuguese, using a selection of specific topics (valence –syntactic schemes–, DO marking, verbal typologies, DO/IO clitic doubling and finite verb placement). We investigate from a contrastive perspective the coincidence or discordance of the sentence syntax of the authors that the literature unequivocally identifies as Galician compared to that of those ascribed to a Portuguese origin. We use a main corpus based on the analysis of 1562 sentences (863 from Galician troubadours and 699 from Portuguese) and, in addition, we also contrastively analyze the syntactic configurations of the semantic function Stimulus with the verb *prazer*, thanks to online tools such as *UC*.

### Keywords:

Medieval syntax. Galician & Portuguese. Secular troubadour poetry.

---

<sup>18</sup> Desenvolví este traballo como coordinador do grupo TALG (Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega) da Universidade de Vigo, no seo do proxecto de investigación PID2020-113491GB-I00, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Esta pescuda xermolou nunha estadía de investigación no CEHUM da Univ. do Minho, onde me deron todas as facilidades para investigar. Ós/ás colegas do CEHUM e a Mario Botelho, beizón.

## **1. Introdução**

Cunha metodoloxía de base funcionalista, que aplicamos en traballos como Rodríguez Guerra (2018; 2022a; 2022b), estudamos a sintaxe oracional na lírica profana medieval dende a perspectiva da orixe xeográfica dos trobadores. Pretendemos comprobar ata que punto algúns aspectos seleccionados de sintaxe oracional permiten obter (ou non) comportamentos específicos motivados pola procedencia galega ou portuguesa dos nosos trobadores medievais. Para a identificación da orixe xeográfica empregamos dúas ferramentas esenciais: as *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas (CMGP)* e a *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)*. Soamente traballamos cos exemplos que proceden de trobadores do noso corpus identificados en ambas as fontes como de orixe inequivocamente galega ou portuguesa.

O corpus para esta investigación está constituído por 1562 exemplos dos cales 863 pertencen a trobadores galegos e 699 a portugueses:

– Os trobadores identificados como galegos son dezanove e contan cunha media de 45,4 exemplos por autor: Afons’Eanes do Coton [002], Afonso Gomez [005], Afonso Soarez Sarraça [010], Airas Carpancho [011], Airas Moniz d’Asma [013], Airas Nunez [014], Bernal de Bonaval [022], Fernand’Esquio [038], Joan Airas de Santiago [063], Joan de Cangas [065], Joan de Requeixo [067], Joan Servando [077], Martin Codax [091], Meendinho [098], Nuno Treez [110], Paai Gomez Charinho [114], Paai Soarez de Taveiroos [115], Pero d’Armea [121] e Roi Paez de Ribela [147]. A proporción con que se reparten os exemplos entre os distintos tipos de cantigas son: 49,4% de amigo, 19,6% de amor e 31% de escarnio e maldicir.

– Os autores de procedencia portuguesa son catorce (cunha media de 49,9 exemplos por cada un): Afonso Fernandez Cubel [004], Afonso Lopez de Baian [006], Afonso Meendez de Beesteiros [007], Afonso Paez de Bragaa [008], Afonso Sanchez [009], Don Denis [025], Fernan Rodriguez de Calheiros [047], Garcia Soarez [055], Joan Lobeira [071], Joan Perez d’Avoín [075], Pero Gomez Barroso [127], Pero Gonçalves de Portocarreiro [128], Roi Queimado [148] e Vaasco Rodriguez de Calvelo [155]. A proporción con que se distribúen os exemplos estudados segundo a tipoloxía das cantigas é 27% / 49,4% / 23,6% para amigo, amor e escarnio e maldicir, respectivamente.

Este corpus, para un 95% de nivel de confianza, móvese entre unha marxe de erro do 3,203% para os autores galegos e do 3,628% para os portugueses<sup>19</sup>. Por grandes tipoloxías de cantigas as marxes de erro aumentan, para galego e portugués respectivamente, ata o 4,363% / 6,89% nas cantigas de amigo, 7,45% / 5,19% nas de amor e 5,7% / 7,48% nas de escarnio e maldicir.

As funcións sintácticas oracionais que tivemos en conta dentro dos esquemas argumentais son as seguintes<sup>20</sup>:

- Suxeito (SU).
- Complemento directo (CD).
- Complemento indirecto (CI).

Fóra das tres funcións anteriores, (centrais por estaren nunha lingua “más claramente gramaticalizadas” GARCÍA-MIGUEL, 1995, p. 42, cfr. tamén CIDRÁS, 2015, p. 165), contamos tamén con:

– Complemento oblicuo (CO), (cfr. SÁNCHEZ REI, 2010, p. 49, n. 55; CIDRÁS, 2015, p. 165-66; RODRÍGUEZ GUERRA, 2018, p. 187).

– Complemento predicativo (CP), do SU (PS), do CD (PD), do CI (PI). Inclúese baixo esta denominación tanto os atributos (con verbos coma *ser*) coma os predicativos.

- Complemento axente (CA).

Coa presente investigación pretendemos abrir unha vía de exploración de sintaxe diatópica que nos permita comprobar ata que punto é rendible e ofrece resultados interesantes nun sentido (concordancia) ou noutro (discordancia).

## 2. Resultados da investigación

No noso percorrido pola sintaxe oracional dos exemplos pertencentes ós trobadores sinalados na primeira epígrafe, tivemos que seleccionar unha pequena serie de temas obxecto de estudo: esquemas

---

<sup>19</sup> O cálculo realizámolo a partir do número aproximado de oracións totais de cada subconxunto de autores segundo a súa orixe galega ou portuguesa.

<sup>20</sup> O(s) complemento(s) non argumental(is) identifíca(n)se como Complemento circunstancial (CC).

sintácticos argumentais (cuantitativa e cualitativamente), tipoloxía verbal, marcación do CD, redobro do CD/CI, posición do verbo finito en oracións enunciativas e configuracións sintácticas da función Estímulo co verbo *prazer*.

## **2.1. Esquemas sintácticos**

En primeiro lugar aproximámonos ós esquemas sintácticos e facémolo dende unha dupla perspectiva, en termos de valencia cuantitativa e cualitativa (cfr. GARCÍA-MIGUEL, 1995, p. 31-4).

### **2.1.1. Valencia cuantitativa**

A táboa 1 reflicte os resultados dos esquemas sintácticos oracionais na lírica profana medieval (LP) con 1 argumento (monoargumentais), 2 argumentos (biargumentais) ou 3 funcións argumentais (triargumentais), distribuídos entre os autores de procedencia galega (LP\_gal) e portuguesa (LP\_pt).

Táboa 1: Esquemas sintácticos por número de argumentos.

%	LP_gal	LP_pt	LP
Monoargumentais	15,1	16,5	15,5
Biargumentais	55,7	54,4	55,7
Triargumentais	28,2	28	27,8

Fonte: Elaboración propia.

Da lectura da táboa 1 advírtese de inmediato unha similitude máxima entre todos os esquemas: tanto para os trobadores de orixe galega coma portuguesa os biargumentais son os maioritarios (con algo máis da metade dos exemplos), seguidos dos triargumentais (practicamente iguais no 28%) e, finalmente, están os esquemas cunha única función argumental na órbita do 15%-16%.

Por grandes tipos de cantigas si se rexistra algo máis de variación:

– Cantigas de amigo: no ámbito galego os biargumentais soben ata o 58% e os monoargumentais sitúanse no 18,1%, mentres que entre os autores portugueses hai unha lixeira redución naqueles (52,4%) e aumento nestes (24,3%); os triargumentais só oscilan 1 punto porcentual.

– Cantigas de amor: entre os trobadores portugueses os biargumentais ascenden ata o 57,7% e os triargumentais quedan nun

31,9%, mentres que entre os galegos hai unha clara redución nos primeiros (50,3%) e aumento nos segundos (36,6%); os monoargumentais coinciden nunha décima parte dos exemplos en ambos os grupos.

– Cantigas de escarnio e maldicir: neste caso os autores galegos atópanse na media nos biargumentais (55,6%) e por debaixo da media nos monoargumentais (13,4%), mentres que, pola súa banda, os portugueses están por debaixo da media naqueles (50,3%) e por riba nestes (21,2%); nos triargumentais hai unha diferenza de case tres puntos porcentuais favorable ós esquemas rexistrados cos autores galegos.

### 2.1.2. *Valencia cualitativa*

Certamente, alén do número de argumentos dos esquemas, é fundamental coñecermos as funcións sintácticas que configuran estes esquemas sintácticos. Os principais esquemas rexistrados son os seguintes:

Esquemas monoargumentais: obviamente, o esquema moi maioritario en todos os casos é o de (SU)-V (01), pero mentres cos autores portugueses rexistramos un 3,5% de esquemas V-CD (02) –por ningún caso entre os galegos (o que non significa, nin moito menos, que non os haxa, só que non os documentamos no noso corpus)–, o único exemplo de esquema V-CO (03) aparece en Airas Nunez (co verbo *convñir* e o argumento Entidade, que é unha completiva de infinitivo marcada preposicionalmente con *a*, cfr. Rodríguez Guerra, 2023, p. 135-136).

(01) *Ca ven meu amigo. (LP 091)*

(02) *e non á ren que detenha. (LP 155)*

(03) *outro camiño conven a buscar. (LP 014)*

– Esquemas biargumentais: o esquema máis rendible é, sempre, o de (SU)-V-CD (en 6 de cada 10 exemplos, de media –lixeiramente por debaixo cos autores galegos e só un pouco por riba cos portugueses–) (04) e (05). A moita distancia do anterior atópase o esquema (SU)-V-CO, que supón unha cuarta parte dos esquemas biargumentais entre os autores galegos (06) e unha quinta parte entre os portugueses. Os esquemas (SU)-V-PS (07) e (SU)-V-CI (08) presentan un equilibrio na súa representatividade, tanto entre si, coma entre os trobadores galegos e

portugueses, que se sitúa ó redor do 8%. As poucas ocorrencias de V-CI-CO só se documentan con autores portugueses (09).

Se comparamos estes esquemas dende a perspectiva das grandes tipoloxías de cantigas, os construídos con SU e CD son sempre os maioritarios e, tamén sempre para trobadores galegos e portugueses, as cantigas de amor son as máis produtivas con este esquema, seguidas polas de escarnio e maldicir, e en último termo son as de amigo as que presentan unhas proporcións máis baixas –sendo maioritarias– deste esquema (e é nestas últimas e para este esquema onde hai unha maior separación entre a marxe galega e a portuguesa, que, con todo, só é algo máis de 3 puntos porcentuais favorables a aquela). Para os esquemas con SU e CO son máis propicias na beira galega as cantigas de amor por máis de 4 puntos porcentuais (nos outros tipos de cantigas as proporcións son semellantes, con lixeiras vantaxes para a portuguesa). Finalmente, co esquema de SU e PS, só se detecta un equilibrio nas cantigas de amor: nas cantigas de escarnio e maldicir a presenza entre os autores galegos está 6 puntos porcentuais por riba, mentres que nas cantigas de amigo son os exemplos procedentes dos portugueses os que teñen 4 puntos porcentuais máis.

(04)–*Gran folia* pensades. (LP 002)

(05) *Por fazer romaria*. (LP 006)

(06) *u é o mar salido*. (LP 091)

(07)–*São velha*. (LP 002)

(08) *por vos eu non mentir*. (LP 009)

(09) *morte, pois a vos praz én*. (LP 007)

– Esquemas triargumentais: os resultados para galego e portugués están, dende unha perspectiva conxunta, bastante nivelados. En ambos os dous o esquema maioritario é (SU)-V-CD-CI, (10) e (11), con algo máis da metade dos exemplos; a moita distancia do anterior, pero cunhas porcentaxes relativamente importantes (entre o 15,5% e o 9,6%), atópanse outros tres esquemas: (SU)-V-CD-CO (12), (SU)-V-CD-PD (13), e (SU)-V-CO-CI (14), de xeito equilibrado para os dous primeiros, mentres que o terceiro presenta máis de 4 puntos porcentuais na beira portuguesa ca na galega. Outros esquemas como (SU)-V-CO-PS (15), (SU)-V-CI-PI (16) ou (SU)-V-CO-CO (17), son residuais e con valores

similares salvo os dous primeiros: o primeiro deles amosa unha clara desproporción favorable á vertente galega, 4,2% fronte a 0,5% para a portuguesa, mentres que o segundo alcanza un 3,6% cos autores portugueses e un 1,7% cos galegos.

(10) *Mia senhor, eu vos direi de mi como façades.* (LP 013)

(11) *Já lhi nunca pediran o castel'a Don Foan.* (LP 007)

(12) *Quant'eu puge no coração.* (LP 147)

(13) *e cura non avedes que chamen clérigu'.* (LP 009)

(14) *que estas todas de que vos falei.* (LP 002)

(15) *com'eu senneira estou en Vigo?* (LP 091)

(16) *des que ora foi casada, chaman-lhe Dona Maria.* (LP 009)

(17) *e sol non meteu i de non poder.* (LP 075)

Se enfocamos a distribución dos esquemas triargumentais en función dos tipos de cantigas verificase que nas cantigas de amor é onde hai máis proximidade nas proporcións dos esquemas, pois entre eles o habitual é que haxa 1 ou 2 puntos porcentuais, excepto co esquema de SU, CO e CI, en que os casos de autores portugueses suman 6 puntos porcentuais máis ca os galegos. Cousa diferente acontece coas outras dúas tipoloxías de cantigas, pois as diferenzas son máis acusadas.

Coas cantigas de escarnio e maldicir, os esquemas (SU)-V-CD-CI, (SU)-V-CD-CO e (SU)-V-CO-CI nos autores galegos posúen cadanseus 5 puntos porcentuais máis ca os dos portugueses; por outra banda, os esquemas (SU)-V-CD-PD e (SU)-V-CI-PI son moito máis abundantes nas composicións dos trovadores portugueses (20,5% e 13,6%, respectivamente) ca nas dos galegos (10,8% e 4,1%, respectivamente).

Coas cantigas de amigo, entre as ocorrencias da vertente galega o esquema (SU)-V-CD-PD case alcanza os 5 puntos porcentuais sobre a portuguesa e o esquema (SU)-V-CO-PS sobe ata o 7,9% na galega e non se rexistra no noso corpus na portuguesa. Por outra banda, (SU)-V-CD-CI entre os autores portugueses supón case 11 puntos porcentuais máis ca cos galegos, co esquema (SU)-V-CO-CI a diferenza é 3,6 puntos porcentuais maior na área portuguesa ca na galega.

## 2.2. Tipoloxías verbais

A táboa 2 reflicte a distribución das seis tipoloxías verbais consideradas (cfr. *ADESSE*) entre os autores galegos e portugueses.

Táboa 2: Distribución segundo a tipoloxía verbal.

%	LP_gal	LP_pt	LP
Mental	26	31,2	28,4
Relacional	11,4	13	12,1
Material	27	21,9	25,2
Verbal	22,1	17,5	19,3
Existencial	5,3	7,6	6,4
Modulación	8,2	8,8	8,5

Fonte: Elaboración propia.

Dos datos ofrecidos na táboa 2 dedúcese que hai unha repartición relativamente equilibrada agás nos subtipos Mental, que é 5 puntos porcentuais máis abundante nos textos da vertente portuguesa, Material, que presenta os mesmos puntos de diferenza pero neste caso a favor da galega, e Verbal, 4 puntos máis abondoso cos trobadores galegos. A proporción entre os trobadores portugueses do tipo Mental (con verbos como *amar, cuidar, oir, sofrer, veer...*) xustifícase pola súa concentración nas cantigas de amor, nas que alcanza un 41,4% (por un 34,3% nos galegos). Os verbos do tipo Material (por exemplo: *bailar, chegar, ir, levar, trager, viir, vivir* ‘morar’...) nas cantigas de amigo son máis abundantes entre os autores galegos (34%) ca entre os portugueses (28,6%). O tipo Verbal (integrado por verbos como *chamar, dizer, julgar, preguntar, rogar...*) nas cantigas de amor ten moita máis presenza na área galega (33,1%) ca na portuguesa (16,8%). As cantigas de escarnio e maldicir merecen un comentario á parte porque os tipos Mental e Verbal posúen 7 e 3 puntos porcentuais máis, respectivamente, entre os autores galegos, mentres que os tipos Relacional (con verbos como *dar* ‘conceder’, *merecer, seer...*) e Material presentan nos trobadores portugueses 5 e 8,9 puntos porcentuais máis, respectivamente, ca nos galegos.

## 2.3. Marcación do CD

Por mor da escaseza no noso corpus de casos de marcación preposicional do CD –unicamente un exemplo de autoría galega–, neste punto da nosa análise empregamos o traballo monográfico de LÓPEZ MARTÍNEZ (1993), que se centra neste aspecto da nosa sintaxe



medieval. Nese estudo obtemos unha visión moito máis completa da distribución dos casos de CD con preposición *a* na lírica profana medieval e, a partir da revisión dos exemplos proporcionados por esta investigadora, pescudamos un a un os pertencentes a trobadores galegos e portugueses entre as cantigas do *Cancioneiro da Ajuda*, de amigo e de escarnio e maldicir. Na obra de LÓPEZ MARTÍNEZ (1993) adóitanse reproducir todos os exemplos de CD marcado preposicionalmente e unha escolma moi ampla para os dous primeiros tipos de cantigas<sup>21</sup> dos CD sen preposición. É certo que non podemos obter datos absolutos das cifras globais de uso da preposición, pero si reveladores no que se refire ó carácter contrastivo da autoría galega ou portuguesa porque a metodoloxía empregada con ambos os grupos é idéntica (cfr. táboa 3) e non hai ningún nesgo nin a favor nin en contra de ningún.

Táboa 3: Marcaxe prepositiva do CD.

	<i>Cajuda</i>				CAmigo			
	Gal		Pt		Gal		Pt	
[+humano]	<i>a</i>	Ø	<i>a</i>	Ø	<i>a</i>	Ø	<i>a</i>	Ø
Pronome persoal	2	3	1	6	1	2	-	6
Pronome indefinido	1	2	1	7	-	-	-	1
Pronome demostrativo	-	-	-	2	-	-	-	-
Pronome relativo	2	4	2	3	2	-	1	-
Nome propio	-	1	-	-	-	-	-	-
Nome común	-	16	-	22	-	22	-	15
Total	16,1%	83,9%	9,1%	90,9%	11,1%	88,9%	4,3%	95,7%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de LÓPEZ MARTÍNEZ (1993)<sup>22</sup>.

Alén dun maior uso relativo no *Cancioneiro da Ajuda*, (18) con indefinido e de autor portugués, ca coas cantigas de amigo, (19) con pronome persoal de primeira persoa do singular e de trobador galego, entre ambas as tipoloxías mantéñense as proporcións relativas favorables ós trobadores galegos, 7 puntos porcentuais por riba no *Cancioneiro da*

<sup>21</sup> Por exemplo, segundo os nosos cálculos aproximados, para o *Cancioneiro da Ajuda* supoñen a metade do total (LÓPEZ MARTÍNEZ, 1993, p. 19-27).

<sup>22</sup> Unicamente se contabilizan os exemplos fornecidos que se poden asignar de xeito fiable a autores galegos e portugueses. Para o *Cancioneiro da Axuda* só se teñen en conta as cantigas presentes no manuscrito orixinal que chegou a nós –exclúense as cantigas engadidas como apéndice por C. M. de Vasconcellos, que foi a edición empregada por LÓPEZ MARTÍNEZ– e tampouco se contan os casos dúbidosos por sincretismo co artigo *a*.

*Ajuda* e máis de 6 puntos nas cantigas de amigo, en comparación cos portugueses. Os exemplos reproducidos do *Cancioneiro da Ajuda* permítenos, para un total de 10 casos, comprobar que os trobadores de orixe castelá presentan un 10% de uso prepositivo co CD (fronte a un 90% de CD sen preposición *a*), porcentaxe semellante á dos trobadores portugueses<sup>23</sup>.

A información que podemos extraer das cantigas de escarnio e maldicir (cfr. LÓPEZ MARTÍNEZ, 1993, p. 33-36, e só para autorías seguras) é de dous casos de *a* + CD –con pronome persoal (20) e nome común– cos trobadores galegos, e de catro ocorrencias –con pronome persoal, outro relativo e dous nomes comúns– cos portugueses. Mais, como xa se indicou, pola escaseza de exemplos ilustrativos de CD sen preposición (sobre todo con substantivos, pois non se dá ningún), as porcentaxes que podemos obter posúen unha marxe de erro moi elevada. En todo caso, se deixamos á parte os nomes comúns, para pronomes e nomes propios a proporción de uso prepositivo cos autores galegos é do 5,9% e do 25% para os portugueses. Mais como os exemplos marcados preposicionalmente son moi poucos e dado que a cantidade xeral de oracións nestas cantigas é propicia ós trobadores portugueses, sospeitamos que as porcentaxes finais serán moito máis baixas e similares entre si (e se fosen favorables á autoría portuguesa, sería por unha marxe pequena).

(18) *que nunca de tal guisa vi viir a outro. (LP 097)*

(19) *Meu amigo, se vós a min muit'amades. (LP 022)*

(20) *–Senhor, vós creed'a mi. (LP 120)*

#### **2.4. Redobro do CD/CI**

A posibilidade do redobro clítico no CD e mais no CI é un dos grandes cambios innovadores da sintaxe romance en relación coa latina (cfr. RIIHO, 1988; RODRÍGUEZ GUERRA, 2024, p. 123-24). A táboa 4 ofrece os resultados do noso corpus para o CD.

---

<sup>23</sup> Insistimos en que se trata dunha cifra moi aproximada (e moito máis alta da real) porque non podemos acceder a todos os exemplos de CD sen preposición, mais como partimos do feito de que as ocorrencias seleccionadas foron aleatorias en termos de autoría, coidamos que os resultados son comparables entre si.

XXVII CONGRESSO NACIONAL DE LINGUÍSTICA E FILOLOGIA

Táboa 4: Redobro do CD.

%	LP_gal	LP_pt	LP
Con estilo directo (sobre o total de ED)	20,5	28,6	23,3
Redobro clítico / non clítico	25/75	33/67	29/71
Sen estilo directo			
CD léxico sempre anteposto (% sobre total de anteposicións)	4,3	9,1	5

Fonte: Elaboración propia.

Como se aprecia na táboa 4, tamén observamos o estilo directo, isto é, aqueles casos en que co verbo da expresión introdutora se redobra a secuencia citada, de xeito clítico (21) ou non (22). No noso corpus detéctase unha maior preferencia polo redobro entre os autores portugueses, que está 8 puntos por riba da amosada polos galegos. Sendo minoritaria nestes casos a opción clítica, nos trobadores portugueses tamén está 8 puntos por riba da atopada nos galegos.

(21)–Sabede-o *por verdade: sol que viu os genetes...* (LP 007)

(22)*pero direi-vos ña ren: quix ben e quer'e quererrei tal molher.*  
(LP 002)

Os exemplos propiamente de redobro clítico do CD son aqueles que se producen fóra do estilo directo. Na táboa 4 verifícase a pouca produtividade deste redobro que, en todo caso, nos trobadores portugueses (23) duplica as ocorrencias das dos galegos (24).

(23)*O anel do meu amado perdi-o so-lo verde ramo.* (LP 128)

(24)*e las que cantavan leixa-las guarir.* (LP 038)

Finalmente, na táboa 5 ofrécense os resultados do redobro clítico do CI.

Táboa 5: Redobro do CI.

%	LP_gal	LP_pt	LP
Redobro do CI (CI léxico ant.)	40	44,4	46,4
Redobro do CI (CI léxico posp.)	11,1	31,3	25
Redobro do CI (todos os CI léxicos)	29,2	36	35,7

Fonte: Elaboración propia.

En primeiro lugar, constátase a maior abundancia deste redobro fronte ó do CD. Cando os CI léxicos se antepoñen ó verbo, emprégase o redobro clítico en 4 de cada dez exemplos, cunha lixeira preferencia de 4

puntos no caso dos autores portugueses (25). Cos CI léxicos pospostos ó verbo, o redobro diminúe moito no caso dos autores galegos (case 29 puntos porcentuais) e, aínda que cos portugueses tamén baixa bastante, a caída non é tan acusada coma cos galegos (26) e redóbranse tres de cada dez exemplos.

(25) *òs que lho dizen diz-lhis el enton.* (LP 006)

(26) *e ali me lançaron a min a falcatrua.* (LP 038)

### 2.5. Posición do verbo finito (V)

Aplicando os mesmos criterios descritos en Rodríguez Guerra (2024), enxergamos cal é a posición absoluta que ocupa o verbo finito na nosa lírica medieval distinguindo, como xa se vén facendo, entre autores de orixe galega e portuguesa.

Táboa 6: Posición do verbo en oracións enunciativas.

%	LP_gal	LP_pt	LP
<b>V1</b>	55,9	57	55,6
<b>V2</b>	32,3	31,9	32,3
<b>V≥3</b>	11,8	11,1	12,1

Fonte: Elaboración propia.

A táboa 6 reflicte un equilibrio absoluto neste aspecto entre as diferentes posicións consideradas de V, pois todas as cifras están preto das medias e a maior desviación entre elas é só de 1 punto porcentual.

Táboa 7: Posición do verbo en oracións enunciativas en independentes/subordinadas.

%	LP_gal		LP_pt		LP	
	Indp.	Sub.	Indp.	Sub.	Indp.	Sub.
<b>V1</b>	52,6	60	41,2	65,1	45,8	61,3
<b>V2</b>	34	27,9	48,8	25,7	41,6	27
<b>V≥3</b>	13,4	12,1	10	9,2	12,6	11,7

Fonte: Elaboración propia.

Certamente, a situación debuxada na táboa 7 afástase do reflectido na táboa 6. Agora, mentres cos autores portugueses hai unha nidia preferencia por V1 nas subordinadas (case 24 puntos por riba de V1 nas independentes) e a orde V2 é a maioritaria nas independentes, nos autores galegos V1 é sempre a orde preferida, en seis de cada dez casos nas subordinadas e un pouco máis da metade das independentes, con V2 a bastante distancia (máis de 18 puntos porcentuais nestas últimas). Á vista desta distribución, cómpre afinarmos a análise das independentes e

ver, cando menos, o repartimento segundo as tipoloxías das cantigas (cfr. táboa 8).

Táboa 8: Posición de V en enunciativas independentes segundo o tipo de cantigas.

%	LP_gal			LP_pt		
	Amigo	Amor	Escarn.	Amigo	Amor	Escarn.
<b>V1</b>	59,5	26,3	58,6	47,6	32,1	45,2
<b>V2</b>	27	47,4	34,1	33,3	60,7	48,4
<b>V≥3</b>	13,5	26,3	7,3	19,1	7,2	6,4

Fonte: Elaboración propia.

En primeiro lugar, advírtese unha clara diverxencia entre o comportamento nas cantigas de amigo e de escarnio e maldicir por unha banda, e as de amor por outra. Nestas últimas a orde máis habitual, tanto para autores galegos coma portugueses (aínda que a preferencia nestes é moito máis acusada, 13 puntos superior), é V2. Naqueloutras a repartición entre elas tampouco é idéntica: nas cantigas de amigo V1 é a orde preferida, tanto por trobadores galegos coma portugueses (estes quedan a case 12 puntos do documentado para os galegos); nas cantigas de escarnio e maldicir, detectamos nos autores galegos unha situación similar á das cantigas de amigo, cunha nidia predilección por V1, mentres que entre os portugueses hai practicamente un empate entre V2 e V1 (con V2 3 puntos por riba de V1).

## 2.6. O constituínte Estímulo con (a)prazer

En Rodríguez Guerra (2023, p. 136-137) estudouse a distribución do tipo de unidade que ocupaba na lírica profana medieval o constituínte Estímulo co verbo *prazer*. Analizamos novamente a información recompilada por UC (s. v. *prazer*<sub>1</sub>) e na táboa 9 detallamos estruturadamente as diferentes posibilidades do argumento Estímulo proxeccións segundo os trobadores que as empreguen estean identificados como galegos ou como portugueses<sup>24</sup>.

Táboa 9: O argumento Estímulo co verbo (a)prazer.

%	Completivas de infinitivo		Completivas (relativas nominalizadas) finitas		Unidades non oracionais		Sen Estímulo explícito	
	LP_gal	LP_pt	LP_gal	LP_pt	LP_gal	LP_pt	LP_gal	LP_pt
							57,4	49,2

<sup>24</sup> Para a primeira cifra de cada cela só se teñen en consideración os autores cunha filiación xeográfica segura. Entre parénteses rectas fornécense as porcentaxes empregando tamén os datos daqueles trobadores que probablemente sexan galegos ou portugueses.

								[50]	[48,4]
(A)prazer + CI	+...	3,3 [3,5]	0,8 [=]	1,6 [1,2]	8,1 [7,9]	11,5 [15,1]	17,7 [18,3]		
	+de+...	11,5 [18,6]	12,9 [13,5]	3,3 [2,3]	2,4 [=]	6,5 [5,8]	4,8 [4,7]		
	+con+...					4,9 [3,5]	4 [=]		

Fonte: Elaboración propia.

A preferencia, en ambos os grupos de trobadores, apunta cara á non explicitación do argumento Estímulo, (27), (as proporcións iguálanse cando incluímos tamén os autores cunha localización xeográfica non tan fiable). Na tripla clasificación das unidades localizadas na función Estímulo, son as non oracionais, (28), as maioritarias nos dous conxuntos de autores (as porcentaxes vólvense igualar se contamos cos datos dos trobadores cunha localización probable). Van seguidas polas completivas de infinitivo (29) e, en último termo, polas completivas finitas (e relativas nominalizadas)<sup>25</sup>. Polo que se refire á marcaxe prepositiva, son as unidades non oracionais as únicas que admiten tanto *de* coma *con* (30) –mais con prioridade polas unidades sen preposición–; as unidades oracionais, cando son completivas de infinitivo veñen marcadas maioritariamente coa preposición *de* –nos dous grupos de trobadores, pero cunha proporción maior entre os portugueses (31)–<sup>26</sup>, mentres que coas completivas finitas (ou relativas nominalizadas) os autores galegos –dentro da acentuada escaseza destas unidades– teñen máis casos con preposición *ca* sen ela, fronte ós portugueses, moito máis abundantes e nos que sucede o contrario (32).

Precisamente, cando o Estímulo está ocupado por unha unidade sintáctica superior, os trobadores portugueses optan nun número importante de ocasións por completivas finitas sen preposición (e só detectamos un caso de completiva de infinitivo sen marcaxe prepositiva), mentres que entre os galegos só identificamos unha de relativo nominalizada sen preposición –non documentamos ningunha completiva co verbo finito sen marca prepositiva– e hai algún exemplo máis de completiva de infinitivo sen preposición.

<sup>25</sup> As ocorrencias dos trobadores de orixe castelá presentan a seguinte distribución: 36,4% sen explicitación do argumento Estímulo, 45,4% unidades non oracionais (2/5 sen preposición, 2/5 coa preposición *con* e 1/5 con *de*), 9,1% completivas de infinitivo con preposición *de* e 9,1% completivas finitas sen preposición.

<sup>26</sup> Nestes exemplos con *de*+completiva de infinitivo, o SU explicitase nun 15,4% dos casos sobre o total de trobadores inequívoca ou probablemente galegos e nun 18,8% sobre o total de portugueses.

- (27) *e Deus, se lhe prouguer. (LP 079)*
- (28) *se vos pesar mia morte e vos prouguer mia vida. (LP 141)*
- (29) *Sei que vos praz muito ir-m'eu d'aquen. (LP 063)*
- (30) *Dizede, amigo, se vos prazeria con a vossa morte. (LP 145)*
- (31) *e a que praz d'eu morrer. (LP 025)*
- (32) *pois [a] mia senhor non / praz que eu moira. (LP 073)*

### 3. Conclusións

Neste percorrido, necesariamente limitado, por diferentes aspectos de sintaxe oracional medieval advertimos unha relativamente grande coincidencia na base entre trobadores galegos e portugueses, mais con singularidades máis ou menos importantes.

– Na valencia cuantitativa os datos observados en xeral concordan, mais discordan se nos achegamos independentemente a cada tipo de cantigas. Dende a perspectiva dos esquemas sintácticos concretos, percibiuse certa predilección dos autores galegos por algúns esquemas con CO.

– Coas tipoloxías verbais comprobouse a existencia de disparidades motivadas en grande medida pola maior –ou menor– querenza de determinados verbos nos grandes tipos de cantigas (tipo Material nas cantigas de amigo e Verbal nas de amor entre os galegos, e tipo Mental nas cantigas de amor e Material nas de escarnio e maldicir entre os portugueses).

– Verbo da marcaxe preposicional co CD, e con toda a cautela por mor dos datos con que traballamos, semella que os autores galegos en comparación cos portugueses, dentro sempre dunhas porcentaxes xerais extremadamente baixas, amosan unha lixeira tendencia a un uso algo maior de *a* con CD.

– A análise do redobro de CD e CI deixou ver que son os trobadores portugueses os que lles levan certa dianteira ós galegos no emprego desta construción sintáctica en ambas as funcións.

– A posición absoluta do verbo é, no global, a mesma, mais nalgúns contextos, nomeadamente coas independentes, as escollas diverxen e estas son aínda máis pronunciadas nalgúns tipos de cantigas.

– Proxectamos tamén o noso estudo sobre as distintas construcións sintácticas que na lírica profana medieval vehiculan a

función Estímulo co verbo *prazer*, e o resultado amosa bastantes similitudes pero tamén algunha particularidade ben marcada, coma coas unidades sintácticas superiores con verbo finito e sen marca prepositiva.

Semellanzas si, moitas, pero especificidades tamén, bastantes. Os resultados vistos ata aquí son indicios que parecen sinalar a posible existencia de certas prácticas ou eleccións sintácticas preferentes (non exclusivas) por parte dalgún(s) grupo(s) de trobadores que, neste caso, se distribúen aquí/alén Miño. Para verificar o atinado, ou non, desta hipótese cómpre seguir analizando máis aspectos sintácticos concretos e ampliar o corpus de estudo, só así poderemos comprobar ata que punto as tendencias amosadas nesta investigación adquiren relevancia significativa ou deben ser matizadas á luz de novos focos.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ADESSE = *Base de datos de verbos, alternancias de diátesis y esquemas sintáctico-semánticos del español*. Vigo: Universidade de Vigo. Disponível en: <http://adesse.uvigo.es/>. Acceso o 30/08/2024.

CMGP = LOPES, Graça Videira; FERREIRA, Manuel Pedro *et al. Cantigas Medievais Galego Portuguesas* [base de datos en liña]. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA, 2011-. Disponível en: <http://cantigas.fcs.unl.pt>. Acceso o 28/12/2024.

CIDRÁS, Francisco. Sobre la categorización de las relaciones gramaticales. *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, v. 26 (2), p. 145-169. Iberoamericana Editorial Vervuert, 2015.

GARCÍA-MIGUEL, José María. *Las relaciones gramaticales entre predicado y participantes*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1995.

LÓPEZ MARTÍNEZ, M<sup>a</sup>. Sol. *O complemento directo con preposición a en galego*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1993.

MedDB = *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)* [base de datos en liña]. Versión 3.11. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponível en: <http://www.cirp.gal/meddb>. Acceso o 30/08/2024.



RIIHO, Timo. *La redundancia pronominal en el iberorromance medieval*. Berlin / Boston: Max Niemeyer Verlag, 1988. <https://doi.org/10.1515/9783110945478>

RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre. A lingua de Martin Codax: os esquemas sintácticos. In: RODRÍGUEZ GUERRA, A. e ARIAS FREIXEDO, X.B. *O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, 2018. p. 185-219. DOI: <https://doi.org/10.1075/z.218.11rod>

RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre. Os suxeitos explícitos no galego medieval. *Revista Galega de Filoloxía*, v. 23, p. 144-63. Universidade da Coruña, 2022a. DOI: <https://doi.org/10.17979/rgf.2022.23.0.9378>

\_\_\_\_\_. *Quix e querrei e quero e direivos ùa ren: a sintaxe oracional no Pergamiño Sharrer*. In: PICHEL, R. “*Tenh’eu que mi fez el i mui gran ben*”. *Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex, 2022b. p. 479-510.

\_\_\_\_\_. Prototipicidade, marcaxe prepositiva e suxeito no galego medieval. *Revista Galega de Filoloxía*, v. 24, p. 132-49. Universidade da Coruña, 2023. DOI: <https://doi.org/10.17979/rgf.2023.24.0.9789>

\_\_\_\_\_. A posición do verbo finito no galego medieval: V1, V2 e V $\geq$ 3. *Scriptum Digital*, v. 13, p. 93-135. Universitat Autònoma de Barcelona, 2024. DOI: <https://doi.org/10.5565/rev/scriptum.135>

SÁNCHEZ REI, Xosé Manuel. *O complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias*. Monografía 6 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña, 2010.

UC = FERREIRO, Manuel (dir.). *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. A Coruña: Universidade da Coruña, 2018-. Dispoñible en: <http://universocantigas.gal/>. Acceso o 28/12/2024.